

## MEMORIA CONSULTA PÚBLICA ORDENANZA DA UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARZÚA

### EXPTE TEDEC: 2024/G013/000001

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da **Ordenanza da utilización de edificios, locais e instalacións municipais do Concello de Arzúa**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de vinte días naturais, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### Visto que :

#### **Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:**

A regularización dunha forma máis axeitada o uso dos locais ou instalacións de titularidade municipal, dun xeito máis áxil e efectivo principalmente para a veciñanza, asociacións culturais e tamén para o propio concello, para reducir os trámites. Tamén, pretendemos solucionar o problema que ocorren coas fianzas, que debido á carga de traballo tardan bastante tempo en devolverse.

#### **Necesidade e oportunidade da súa aprobación**

A aprobación desta ordenanza ten unha importancia transcendental para as veciñas e veciños de Arzúa. É unha oportunidade para axilizar o proceso burocrático, xa que no concello de Arzúa hai problemas coa ordenanza anterior, que fai que o persoal do concello teña máis carga de traballo. Así mesmo, é necesario para as asociacións culturais e calquera persoa poida solicitar o uso dun local municipal sen ter tanto trámite.

### Obxectivos da norma

O obxectivo da norma é axilizar a cesión de uso dos locais municipais, sen cobrar fianza, e polo tanto máis sinxelo tanto para o concello como para quen o queira utilizar.

### Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Resulta preciso aprobar unha modificación da Ordenanza de utilización de edificios, locais e instalacións municipais, xa que a actual non atende aos obxectivos perseguidos do goberno.

### Por todo o exposto, faise necesario:

**PRIMEIRO.-** Someter a consulta pública previa o proxecto da **Ordenanza da utilización de edificios, locais e instalacións municipais do Concello de Arzúa** durante un prazo de **15 días naturais** . Durante este prazo calquera persoa poderá aportar as suxerencias ou opinións que estime oportunas.

**SEGUNDO.-** O prazo de consultas comezará a computar o mesmo día da súa publicación desta memoria no portal de transparencia do concello.

En Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe.

O Alcalde do Concello de Arzúa

Asdo: Xoán Xesús Carril Ramos